



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

E veu con ela e non veu a quen lla entregar e veu aí ao mesón e chegou e petoulle na porta ao mesonero e entónces o mesonero saliu pola ventana e díxolle:

- Que queres?
- Ven, arrímate eiquí, arrímate eiquí.

Entónces, él foise arrimando pero entónces dícelle:

- Mete a mao, mete a mao, mete a mao por eiquí.

E o outro díxolle:

- Pero que demonio traes aí.
- Tú mete a mao dereita por aquí. Mete a mao.

Queríalle entregar a cruz pero o outro, así que viu que era o Marcelino, como sabía que andaba ca cruz colleu unha escopeta e púxolla ao peito e fixo fuxir ao Marcelino por alí fóra. E non puido parar hasta que a volveu entregar outra vez na igrexa e non tuvo a quen lla entreghar máis. Despois o Marcelino seguiu sempre coa cruz ao lombo e metíalle medo a toda a xente. E aínda andaré hoxe que anda por alí naquelas terras. -Estache ben ghordo.- Pero aquí non volveu máis. Eso pasou así mesmo, aconteceu como llo conto eu. Aquí. Pois... Haberá 40 anos ou 45 anos. Haberá 40 anos.

Saliu un señor mesmo de Osoño, que vivía en Osoño e casouse eiquí neste mesmo puebo, a familia aínda está. Entónces, - era o tío Lisardo- como viña rondar eiquí os mozos dalí pois tamén que fixeron, puxeron unha luz dentro dun canastro de verghas, unha luz dentro e botáronlle un trozo de género por arriba e claro, aquilo parecían moitas luces. – Eso foi verdá, Antonia – Ai foi, claro. Entónces él iba e o home que levaba o canastro tamén se tapou cunha sábana. Tapou da cabeza aos pés cunha sábana pero él era algo destemido e entónces dice que lle dixo:

- Pois carallo, que seas novo, que seas o demo que seas un santo heite de matar agora mesmo. O outro colleu o canastro e as súbanas e desapareceu. Éranlle os casos que se daban así nos nosos puebos, así nada máis. Brutadas, non había outra cousa.

Na ronda de Cabreiroá, ou non sei de onde era, dese puebo era pra aí. E viña pola carretera arriba e chegou e saliulle un carneiro no camiño. E entónces él, asustado, traía unha pistola na mao e intentou darlle unhos tiros. Mais o carneiro ensistía en tirarlle pola trabilla do pantalón. E él:

- Pois deixa que... Tú tira, tira que te vou fastidiar.

Pero o carneiro ensistía a lamberlle nas maus e a tirarlle pola trabilla do pantalón. Viña cheo de medo, viña cheo de medo, e dixo:

- Pois non teño máis remedio que disparar.

Foi e colleu a pistola e lanzoulla ó carneiro á cabeza que se lle puxo a bailarlle diante pra ver se lle tiraba un tiro. Mais é que a pistola non disparou. A pistola non disparou. E entónces dixo:



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Agora isto si que che é o demo.

E él fui e botoulle a lingua fóra, cara o home, ó tirarlle o tiro, botoulle a lingua fóra cara o home e a pistola non disparou. E él dixo:

- E eu que fago eiquí agora da miña vida.

Plántouselle diante e no deixaba camiñar. Mais intentou cortárlle por delado. E o outro poñíasele diante. Volvía cortar polo outro lado e o carneiro volvíasele por de diante. E él dixo:

- Pois non me faerás mal.

Entonces foi e sentouse. E o carneiro tamén se sentou de lado del. Pero despois pasado un rato, volveuse levantar e volveu intentar camiñar, por ver se cheghaba á casa. Entonces foi o carneiro e en vez de se pór de diante púxolle outra vez por trás e botáballe as patas ao pantalón por trás e... e rascáballe no pantalón. E él dixo, él solo pensaba:

- O caso é que me deixes cheghar á casa. Que despois alí xa eu te fastidiarei.

Entonces, veu vindo, veu vindo, hasta que cheghou á casa. E ao cheghar á casa, no fondo da escaleira foi e ao intentar entrar pra porta foi o carneiro e tamén entrou. Él cerrou a porta e o carneiro non tiña por onde entrar pero cando se descoidou estaba polo lado de dentro. Coma se fora unha formigha, entroulle pola porta e estaba do lado de dentro e dixo:

- Ahora si que me tocache o carallo. Pois pra cama non te vou levar.

E entón acordouse e dixo así:

- Vou faer “el nombre del Padre”.

E dixo:

- Jesús, Ave María purísima.

E intentou faer en el nombre del Padre. E entonces foi e seghún dixo “en el nombre del Padre” vai o carneiro e fixo: booom! Un blequinazo e explotou.

Era unha parexa de novios vellos, dous viúdos xa que cada un tiña seu fillo, non? E díxolle él... a él chamábanlle Xaquín e a ela chamábanlle Marica. E decíalle:

Marica eu veño aquí
tú sabes que eu teño un fillo
que é ghuapo como unha estrela
véñoche pedir a filla
que se che quere casar con ela

E ela dille así:

Oh, Xaquín da Sabetorta
arreda a palla do millo
que a miña filla non é
pro entregar ao teu fillo.

Tú sabes que ten bos leiros
que seu pai, Dios llo perdone
o que lle donou a súa morte
aquel si que era bo home.



Oh meu homiño querido,
o meu Farruco do Trobo
cada vez que del me acordo
siempre nel estou pensando
paso os días e as noites
desesperada chorando
aínda me vas levar
a miña filla a ...
quéresme deixar sola
no medio destas paredes.

Ven acá Marica
e escuita o que che digo
primeiro casamos os fillos
e a ti cásote comigo.

Xaquín tú dices as cousas
de tal xeito e tan bo modo
que a min xa me levas
convencidiña de todo.

Ahora xa non me acordo
tan sequera dos difuntos
dame a risa ao pensar
cando habemos de durmir xuntos.

E da voda dos rapaces
non decimos nada deles
primeiro casámonos nós
despois que se casen eles.